



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE MAIO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/222/2015.- HIJOS DE RIVERA, S.A .- Conceder a licenza para executar as obras de reforzo estrutural para o incremento do gálibo no acceso á planta soto dunha nave sita na rúa de Lituania, 14

LIC/2021/2014.- FRANCISCO CONDE BARROS.- Conceder a licenza para executar as obras de modificación de oco en fachada para porta de acceso á vivenda situada na rúa do Combarro, 30.

LIC/2083/2014.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza para executar as obras de saneamento na sala técnica e zonas de acceso da planta soto da facultade de Filosofía no inmovible situado na Praza de Mazarelos, 1.

LIC/1769/2013.- INDITEX.- Aprobar a modificación da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de febreiro de 2014 para construción dun hangar para o aloxamento de avións privados no Aeroporto de Lavacolla segundo anexo ao proxecto de execución de hangar no aeroporto de Santiago de Compostela que modifica o proxecto anterior incorporando unha marquesiña e manter firme a resolución da Xunta de Goberno Local de data 20/02/2014 no que non resulte modificado por ésta.

LIC/659/2014.- JESÚS PENA NEIRA.- Conceder a licenza para executar as obras de acondicionamento de garaxe para implantación de dúas prazas de aparcadoiro no soto dun inmovible sito na rúa Casas Novas núm. 46 -48.

LIC/134/2015.-COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para obras de reforma no inmovible sito na rúa Travesa nº 13.

LIC/1148/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE REPUBLICA DEL SALVADOR, 34.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010 do 4 de marzo para instalación dun ascensor no edificio de vivendas existente e conceder a licenza para a instalación do mesmo no edificio de vivendas sito na rúa República do Salvador nº 34.

DESESTIMENTO DA LICENZA.-

LIC/768/2014.- MARIA DEL PILAR GRILLE HERMIDA.- Aceptar o desestimento da petición de licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Ponte do Romaño nº 75 e declarar concluído o proxecto iniciado.

CADUCIDADE.-

LIC/899/2008.- CONSTRULART UNIÓN, S. L.- Declarar a caducidade da licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 18/01/2011 para construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita na rúa Fonte do Ouro s/n, por transcorrer amplamente os prazos fixados na devandita licenza para execución das obras.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

LIC/2053/2014.- VICTOR RÍOS NOYA.-

LIC/727/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE ALGALIA DE ARRIBA, 43.

LIC/1107/2012.- CONCEPCIÓN CALVO COVAS.-

LIC/107/2015.- SABINA MUIÑO CARBALLIDO.-

LIC/124/2015.- CELIA ALONSO LIÑARES

LIC/201/2015.- MIGUEL ANGEL SIXTO PRIETO.-

LIC/1445/2014.- INMOBILIARIA PAXONAL, S.L.-

LIC/1150/2014.- JENARO SOMOZA RODRIGUEZ.-

LIC/2069/2014.- MARGARITA PAJARO DIEGUEZ.-

LIC/2072/2014.- MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, SA.-

LIC/1224/2013.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-

LIC/2078/2014.- ALVARO FEAS BATALLÁN.-

LIC/2068/2014.- ANGEL KAIFER GARRASTAZU.

LIC/1970/2014.- MARIA DEL PILAR GRILLE HERMIDA.-

LIC/28/2015.- EMAC PROYECTOS Y OBRAS, S. L.-

LIC/89/2015.- MARIA ISABEL GRELA PEREIRA.-
LIC/1262/2014.- JULIO BRENLLA, S. L.-
LIC/1188/2014.- FERROARCOS PROMOCIONES SANTIAGO SLU.-
LIC/1987/2014.- PUENTES Y CALZADAS EMPRESAS CONSTRUCTORAS, S. A.-
LIC/264/2015.- JOSÉ ANTONIO RODRIGUEZ LÓPEZ.-
LIC/2055/2014.- CLAUDIO MATA GARCIA.-
LIC/615/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN PEDRO DE MEZONZO.-
LIC/91/2015.- MONTSERRAT MAREQUE LÓPEZ.-
LIC/90/2015.- MONTSERRAT MAREQUE LOPEZ.-

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforzo estrutural para o incremento do gálibo no acceso á planta soto dunha nave sita na rúa de Lituania, 14. (LIC/222/2015).

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de modificación do oco en fachada para porta de acceso á vivenda situada na rúa do Combarro, 30. (LIC/2021/2014).

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de saneamento na sala técnica e zonas de acceso da planta soto da facultade de Filosofía no inmovible situado na Praza de Mazarelos, 1. (LIC/2083/2014).

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á modificación da licenza outorgada a INDITEX no aeroporto de Lavacolla. (LIC/1769/2013).

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento de garaxe para implantación de dúas prazas de aparcadoiro no soto dun inmovible sito na rúa Casas Novas núm. 46-48. (LIC/659/2014).

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para obras de reforma no inmovible sito na rúa Travesa, 13. (LIC/134/2015).

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade para instalación dun ascensor no edificio de vivendas existente e conceder licenza para a instalación do mesmo no edificio de vivendas sito na rúa República do Salvador nº 34. (LIC/1148/2014).

Autorizáronse 7 licenzas:

-Licenza para reforzo estrutural destinado a incremento de gálibo no acceso a planta soto dunha nave de almacén na rúa Lituania (nº 14), do polígono da Costa Vella, cun orzamento de execución de 11.845 euros.

-Licenza para modificación de oco en fachada para porta de acceso á vivenda, na rúa Combarro (nº 30), cun orzamento de execución de 450 euros.

-Licenza para obras de saneamento na sala técnica e zonas de acceso da planta soto da Facultade de Filosofía, na Praza de Mazarelos (nº 1), cun orzamento de execución de 41.598 euros.

-Aprobouse a modificación da licenza outorgada en febreiro de 2014 á empresa Inditex para a construción dun hangar para aloxamento de avións privados no aeroporto de Lavacolla, proxecto cun orzamento de execución de material de 2.589.177 euros. A modificación aprobada unicamente incorpora ao proxecto inicial unha marquesiña.

-Licenza para acondicionamento de garaxe para a implantación de dúas prazas de aparcadoiro nun soto da rúa Casas Novas (nº 46-48), cun orzamento de execución de 2.663 euros.

-Licenza para obras de reforma no local da Cociña Económica de Santiago, na rúa Travesa (nº 13), cun orzamento de execución material de 233.532 euros. As obras consisten na ampliación da superficie das instalacións, sen afectar ao volume exterior, cun rebaixe da cota do chan e do teito da planta baixa para gañar altura. A finalidade é gañar máis espazo para atención aos usuarios na zona do comedor e crear zona de espera no interior do edificio, modificando o acceso pola Praza do Irmán Gómez.

-Licenza para instalación de ascensor nun edificio da rúa República do Salvador (nº 34), substituíndo os dous existentes por un único que cumpra coas actuais condicións de accesibilidade. O orzamento de execución material é de 19.153 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao desestimento da petición de licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Ponte do Romáño, nº 75 e declarar concluído o proxecto iniciado. (LIC/768/2014).

Acordouse aceptar o desestamento de petición de licenza de obras para vivenda unifamiliar na rúa da Ponte Romáño (nº 75) e proceder á devolución da fianza depositada para responder da reposición dos servizos urbanísticos afectados.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á declaración de caducidade da licenza outorgada na sesión de data 18.1.2011 para construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita na rúa Fonte do Ouro, s/n, por transcorrer amplamente os prazos fixados na devandita licenza para execución das obras. (LIC/899/2008).

Declarouse a caducidade da licenza de obras outorgada a Construlart Unión, S.L. para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Fonte de Ouro (s/n), por transcorrer amplamente os prazos fixados para a execución das obras.

11.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a diversas devolucións de fianzas.

Accedeuse á solicitude de devolución de 23 fianzas formalizadas no seu día como garantía para a urbanización e reposición de servizos de diversas obras en distintos lugares do concello, por un importe conxunto de 51.354 euros.

12.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas á concesión de axudas correspondentes á Fase 6 da área de rehabilitación integral de Vista Alegre.

Aprobáronse definitivamente un total de 39 axudas para outras tantas vivendas situadas nas rúas Santa Uxía de Ribeira, Noia e Boiro, correspondentes á área de rehabilitación integral de Vista Alegre, incluídas na 6ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Santiago, con cargo á anualidade 2015.

As subvencións suman un total de 333.509 euros, cofinanciadas a partes iguais entre o Ministerio e o IGVS.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de renovación de viais e beirarrúas nas rúas de Batalla de Clavijo e Anexas-XOB/66/2014.

Aprobouse o proxecto de renovación de viais e beirarrúas nas rúas de Batalla de Clavijo, Puente La Reina e escalinatas adxacentes, que conta cun orzamento total de 976.903 euros e un prazo de execución de 9 meses.

As obras completan o proxecto de reurbanización da rúa Quiroga Palacios, posibilitando a renovación das redes de servizos obsoletas, dos pavimentos e da imaxe urbana destas rúas.

As obras inclúen a substitución da rede de abastecemento, a recollida separativa de augas residuais e pluviais, a mellora da iluminación pública e a adaptación das redes dispersas de telecomunicacións cun prisma único para o tendido de redes de diferentes compañías.

A renovación dos pavimentos nunha superficie de 4.400 m² contempla deixar o número máximo posible de prazas de aparcamento, pasos de peóns e baterías selectivas de colectores de residuos, a mellora de acceso ás distintas propiedades e o cumprimento da normativa de accesibilidade en espazo público. Tamén se instalarán varandas, arborado e soterraranse tramos de condutos eléctricos.

14.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para dar conta da resolución de 10.04.2015 de AGADER pola que se recoñece ao Concello unha subvención de 77.763,35 euros.

Deuse conta da concesión ao Concello dunha subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) por importe de 77.763 euros, destinada ao financiamento de proxectos de pavimentación de vías públicas, dentro do Programa de mellora de camiños municipais, financiado con fondos europeos do FEADER.

15.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente de "Obras para mellora de accesibilidade en Santiago de Compostela. Fase I."

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente denominado "Actuacións varias no Sector 21 - O Romáño."

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente denominado "Obras para actuacións varias en Guadalupe-Vite Sector 40."

Acordouse a apertura do procedemento de adxudicación de tres proxectos viarios en distintos lugares do concello, por un importe conxunto de 418.192 euros.

.-Mellora da accesibilidade en rúas da cidade, por importe de 105.717 euros e un prazo de execución de 2 meses. Para un total de 45 actuacións, na procura de adaptar as rúas á normativa vixente, que inclúen rebaixas de bordo, construción de vaos, dotación de pavimentos táctiles para persoas con discapacidade visual e a delimitación e marcado de prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida.

As zonas obxecto de actuacións son as seguintes: Avda. Burgo das Nacións, San Caetano, Carballo, Tomiño (estación de autobuses), Parque Fermín Bouza, Xasmíns, Galeras, República do Salvador, Hórreo, Domingo Fontán, Ramón Piñeiro, Avda. de Lugo, Ramón Cabanillas, Fernando III o Santo, Romero Donallo, Restollal, Fontes do Sar, Multiusos do Sar, Manuel María, Camiños da Vida, Melide, Cruceiro da Coruña, As Cancelas e Ramón Baltar.

.-Actuación varias no Romaño, cun orzamento de 105.200 euros e un prazo de execución de 2 meses. As obras incluídas son o saneamento en Ponte Romaño para conectar coa rede xeral de sumidoiros; o asfaltado da pista Catalina; os asfaltado dun tramo intermedio que carece del na unión da pista do Ameneiral coa travesía de Lermo; o asfaltado e acondicionamento da rúa Fonte de Lermo e da Travesa de Lermo; e a canalización de augas e limpeza da pista de Casal da Horta desde Vista Alegre.

.- Actuación varias en Guadalupe-Vite, cun orzamento de 207.275 euros e un prazo de execución de 2,5 meses. As obras consisten na mellora da rúa Blanco Amor, coa substitución do pavimento, das beiravías, a remodelación de xardíns, para gañar ancho de vía e aparcamento; e a colocación de varandas de seguridade.

18.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato de "Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014."

Adxudicouse á empresa Espina y Delfín a obra de substitución da rede de abastecemento no lugar de Bornais (O Eixo), por un importe de 91.944 euros e un prazo de execución de 4 meses.

O obxecto do proxecto é aumentar o caudal na rede de abastecemento, ante a insuficiencia motivada polo crecemento poboacional deste núcleo nos últimos anos. Con ese fin, construíranse as necesarias gabias, instalaranse 1.240 metros de tubaxe, aumentando a súa sección dos 63 mm a 110 mm e repoñerase o pavimento afectado.

19.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do modificado da reurbanización da rúa 25 de Xullo.

Aprobouse o proxecto modificado e a súa adxudicación da obra de mellora e pavimentación da rúa 25 de xullo, na zona das Cancelas, necesario para darlle remate ás actuacións que se veñen realizando nese ámbito.

O novo proxecto modificado -que non comporta ningún custo adicional sobre o orzamento da obra principal e que será executado pola mesma empresa que xa está a realizar a obra- recolle os cambios concretos que se consideran tecnicamente necesarios para redefinir a rede de abastecemento de auga e as canalización e arquetas do servizo de telecomunicacións. O documento tamén define unha prórroga no prazo de execución do contrato de 25 días para levar a cabo estes traballos finais.

As obras de mellora e pavimentación da rúa 25 de xullo foron adxudicadas no pasado mes de outubro á empresa UNIKA Proyectos y Obras, S.A., cun orzamento de 190.938.

20.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do cotrato do "Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros."

Aprobouse a adxudicación do contrato para o "servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica, excluído o recinto intramuros", á empresa 2000 Joscon Construcciones S.L., por un importe de 119.996 euros.

O prazo fixado no contrato vai desde a súa adxudicación ata o remate de 2015.

O adxudicatario deberá programar as actuacións a realizar de acordo coas urxencias que a Administración lle traslade en función dos avisos realizados pola veciñanza e pola policía municipal. As operacións efectuadas serán valoradas de acordo coa tipificación incluída no prego de condicións técnicas que detallan os diferentes prezos por unidade, en función da natureza dos traballos e dos materiais a empregar nos correspondente labores de mantemento. Este contrato dálle continuidade ao adxudicado no pasado mes de novembro, cun gasto máximo de 60.500 euros, e complementa o dedicado ao "recinto Intramuros" que o Consorcio de Santiago adxudicou no terceiro trimestre do ano pasado, por importe de 79.134 euros.

O obxecto do contrato é proseguir coa atención integral á demanda real de mantemento destes pavimentos tradicionais que conforman boa parte do carácter diferencial e do atractivo turístico do casco histórico de Compostela.

21.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa a dación de conta da xustificación dunha subvención concedida pola Deputación provincial de A Coruña para o centro sociocultural do Ensanche.

Deuse conta da xustificación do convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para financiar a Feira Internacional Womex 2014 e o programa de Nadal en Compostela 2014, que supuxeron un importe total de 146.070 euros.

22.- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativá a aprobación das normas de seguridade que rexirán para a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2015 en espazos públicos e privados.

Aprobáronse as normas de seguridade que rexerán para a celebración das cacharelas na noite de San Xoán 2015 en espazos públicos e privados, normas que se fan extensivas á celebración deste tipo de actos durante todo o mes de xuño.

No caso das cacharelas en recintos privados só será necesaria a comunicación previa, mentres que as realizadas en espazo público deberán contar coa preceptiva autorización.

As solicitudes poderán presentarse desde o 1 de xuño ata as 14 horas do 17 de xuño e deberán ir acompañadas dun plano de situación no espazo público tanto da cacharela como dos demais elementos instalados.

Na zona urbana as cacharelas non poderán superar os 3 metros de perímetro no urbano nin o metro de altura, mentres que no rural ese volume amplíase aos 6 metros de perímetro e os 3 de altura, cunha separación con edificios, árbores e mobiliario de 12 metros, agás no ámbito urbano. Tamén se advirte coidado pola proximidade de redes de enerxía e materiais inflamables, así como da prohibición de queimar produtos derivados do petróleo, aerosois ou calquera produto que desprenda fume tóxico.

No caso de situar as cacharelas en lugares públicos enlousados haberá que protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm., prohibíndose expresamente a celebración de cacharelas nas prazas do Obradoiro, da Quintana, do Toural, San Martiño Pinario, Cervantes, Inmaculada, Mazarelos, Irmán Gómez e Santo Agostiño.

A hora límite para a celebración será as 3:30 horas da madrugada, conforme ao horario establecido pola Xunta de Galicia para as festas e romarías populares. Deberase cumprir a normativa para a prevención do consumo de alcohol a menores de idade e ao remate os responsables deberán limpar o espazo autorizado e coidar que as cinzas queden totalmente apagadas.

23 a 96.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 74 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións, 48 referidos ao incremento do valor dos terreos de natureza urbana, 23 de vehículos de tracción mecánica, 1 en relación co IBI e 1 para a exención de taxas de saneamento, depuración e recollida de lixo.

97.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á revogación de axudas dentro do programa de axudas a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade na anualidade 2014, así como a anulación de créditos retidos e non utilizados en dita convocatoria.

Aprobouse a liberalización de crédito retido e non adxudicado para o financiamento de bolsas para o acceso de persoal especializado como vía de mellora da competitividade na anualidade de 2014, por importe de 57.879 euros, así como a revogación de dúas destas axudas, por importe total de 6.000 euros, concedidas a outras tantas empresas por non ter cumprido cos seus fins. Os créditos liberados serán destinados a novas convocatorias de axudas dos departamentos de Promoción Económica, Comercio e Emprego.

99.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

Aprobouse un recoñecemento de crédito para facer fronte a 42 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 1.952 euros. Corresponden a gastos con obrigas contraídas con anterioridade, con facturas conformadas e con existencia de crédito suficiente para afrontar o pagamento.

100.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do Programa Municipal de Conciliación para o verán 2015.

Aprobouse o programa municipal de conciliación para o verán 2015, que ten por finalidade concertar a vida familiar e laboral cunha alternativa de lecer e tempo libre para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos.

O programa desenvolverase nas instalacións dos CEIP das Fontiñas (Rúa Roma, 21) e Raíña Fabiola (Rúa Entregaleras, 15) durante o período de vacacións escolares de verán: mes de

xuño (22, 23, 25, 26, 29 e 30), xullo (do 1 ao 31, agás sábados, domingos e festivos) e setembro (días 1, 2, 3, 4, 7, 8 e 9).

O horario do programa será de 9:00 a 14:00 horas, pero ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

Haberá 60 prazas dispoñibles para actividades e obradoiros nos meses de xuño e setembro e 74 prazas no mes de xullo, con 30 prazas para o servizo de madrugadores e outras tantas para o servizo de comedor.

Os pais e nais poderán escoller entre diversas modalidades, tanto por número de días como por servizos ofrecidos. Das opcións elixidas dependerá o prezo final, que poderá ter descontos que van do 20% para familias monoparentais, numerosas ou por dous irmáns no programa; ata o 50% ou 100% para familias con escasos recursos previo informe do departamento de Servizos Sociais.

Os prezos unitarios por día solto son de 2,5 euros para o servizo de madrugadores con almorzo, 8 euros para obradoiros e actividades e 6 euros para o servizo de comedor. No caso de optar por mes completo eses prezos diarios poden reducirse chegando ata os 1,91 euros, os 5,22 euros e os 4,78 euros, respectivamente, establecidos para o mes de xullo completo.

O Departamento de Educación facilitará as correspondente follas de matrícula no programa e publicará a lista de admitidos e, no seu caso excluídos, nesta páxina web. As admisións realizaranse por rigoroso orde de entrada no Rexistro municipal, ata cubrir as prazas dispoñibles.